

**Probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional inicial**

# **Convocatoria ordinaria de 2012**

**Nota informativa**

---

## **Probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional inicial**

# **Convocatoria ordinaria de 2012**

---

**Consellería de Cultura, Educación  
e Ordenación Universitaria**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación

## Indice

---

<b>1. Probas de acceso a ciclos formativos.....</b>	<b>4</b>
1.1 Introducción.....	4
1.2 Requisitos de inscrición .....	4
1.2.1 Estrutura e organización da proba .....	4
1.3 Exencións .....	5
1.3.1 Exencións de grao medio.....	5
1.3.2 Exencións de grao superior.....	5
1.4 Certificados.....	6
1.5 Resolución administrativa .....	6
1.5.1 Grao medio.....	6
Lugar de presentación da solicitude .....	7
Prazo .....	7
Centros de emisión de certificados.....	7
1.5.2 Grao superior .....	7
Solicitantes .....	7
Lugar de presentación da solicitude .....	7
Prazo .....	7
Centros de emisión de certificados.....	7
<b>2. Anexo .....</b>	<b>8</b>

# 1. Probas de acceso a ciclos formativos

## 1.1 Introducción

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ha publicado proximamente no DOG a resolución pola que se convocan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo, de acordo co establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Toda a información e a documentación referente ás probas de acceso aos ciclos formativos poderá consultarse dentro da opción “probas” do menú da páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Para información adicional estarán dispoñibles os servizos da Unidade de Atención a Centros (teléfono 902 905 445; enderezo electrónico [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es); páxina web [www.edu.xunta.es/uac](http://www.edu.xunta.es/uac)). Tamén se poderá solicitar información nos servizos de orientación dos IES e dos centros integrados de formación profesional.

## 1.2 Requisitos de inscrición

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Grao medio</b></li></ul>	Quen non cumpra os requisitos académicos esixidos para acceder a ciclos formativos de grao medio, e teña cumpridos dezasete anos ou os cumpra no ano natural de celebración da proba.
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Grao superior</b></li></ul>	Quen non cumpra os requisitos académicos esixidos para acceder a ciclos formativos de grao superior e se atope nalguna das seguintes situacións: <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Ter cumpridos dezanove anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba.</li><li>▪ Cumprir ou ter cumpridos dezaioito anos no ano natural de celebración da proba, e dispor dun título de técnico que pertenza a algunha familia profesional incluída na opción á que opta, consonte a táboa anexa ao final.</li></ul>

### 1.2.1 Estrutura e organización da proba

Grao medio	
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Parte sociolingüística</li></ul>	Organízase en tres probas: <ul style="list-style-type: none"><li>– Lingua castelá.</li><li>– Lingua galega.</li><li>– Ciencias sociais.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Parte matemática</li></ul>	Organízase nunha única proba: <ul style="list-style-type: none"><li>– Matemáticas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Parte científico-técnica</li></ul>	Organízase en dúas probas: <ul style="list-style-type: none"><li>– Ciencias da natureza.</li><li>– Tecnoloxía.</li></ul>

Grao superior	
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Parte común</li></ul>	Organízase en tres probas: <ul style="list-style-type: none"><li>– Lingua galega.</li><li>– Lingua castelá.</li><li>– Matemáticas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Parte específica (*)</li></ul>	Organízase en tres opcións (A, B e C): <ul style="list-style-type: none"><li>– Opción A: economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía e cidadanía.</li><li>– Opción B: debuxo técnico, tecnoloxía industrial, e física.</li><li>– Opción C: ciencias da terra e ambientais, química, e bioloxía.</li></ul>

(\*) Na solicitude elixírase unha única opción (A, B ou C) e, dentro da opción elixida, escóllense dúas materias.

## 1.3 Exencións

A solicitude de exencións parciais da proba deberase formular no momento da inscrición. As persoas que estean nalgunha das circunstancias para teren a exención total da proba poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos sen necesidade de inscribirse nas probas de acceso.

### 1.3.1 Exencións de grao medio

Exención total (acreditando algunha das seguintes circunstancias)	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior, de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.</li> </ul>	

Nota: estas persoas han poder participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio, presentando directamente o certificado acreditativo na secretaría do centro correspondente, nas condicións que se indican no artigo 12º.2 da orde pola que se regulan as probas.

Exención parcial (acreditando algunha das seguintes circunstancias)		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Superación do ámbito de comunicación.</li> <li>– Superación do ámbito social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exención da parte sociolingüística.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (ESA).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Superación do ámbito científico-tecnolóxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exención da parte matemática.</li> <li>▪ Exención da parte científico-técnica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Superación dos módulos obrigatorios do primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).</li> <li>▪ Superación dos módulos obrigatorios (específicos profesionais, con ou sen formación en centros de traballo e os formativos de carácter xeral) do primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial (ao abeiro da Orde do 13 de xullo de 2011).</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exención da parte científico-técnica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dispor dun certificado de profesionalidade de calquera nivel, consonte o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ter, como mínimo, un ano de experiencia laboral en xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballara. As persoas interesadas deberán cumprir este requisito con anterioridade ao remate do período de inscrición para as probas.</li> </ul>		

Nota: acreditación positiva de exención. A exención dalgunha das partes da proba de acceso de grao medio obtida desde o ano 2009 en Galicia ten validez para sucesivas convocatorias; unicamente é necesario chegar a certificación da exención.

### 1.3.2 Exencións de grao superior

Exención total	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.</li> </ul>	

Nota: estas persoas han poder participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao superior presentando directamente o certificado acreditativo na secretaría do centro correspondente, nas condicións que se indican no artigo 18º.2 da orde pola que se regulan as probas.

Exención parcial (acreditando algunha das seguintes circunstancias)	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ter superada a proba de acceso a outros ciclos formativos de grao superior de réxime xeral non incluídos na opción pola que se presenta, consonte a táboa anexa ao final do documento.</li> <li>▪ Ter superada unha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exención da parte común.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ter superado un ciclo formativo de grao medio que pertenza a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte a táboa anexa ao final do documento.</li> <li>▪ Dispor dun certificado de profesionalidade de nivel 2 ou superior dalgunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte a táboa anexa ao final do documento.</li> <li>▪ Ter, como mínimo, un ano de experiencia laboral en xornada completa en campos profesionais que se correspondan cos estudos que se pretenda cursar, consonte a táboa anexa ao final do documento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exención da parte específica.</li> </ul>

Nota: acreditación positiva de exención. A exención dalgunha das partes da proba de acceso de grao superior obtida desde o ano 2009 ten validez para sucesivas convocatorias; unicamente é necesario chegar a certificación da exención.

## 1.4 Certificados

Certificación de realización das probas de acceso	
Grao medio	Grao superior
<ul style="list-style-type: none"> <li>Na certificación constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen.</li> <li>A certificación da superación da proba dará acceso a calquera ciclo formativo de grao medio, nas condicións de admisión que se establezan.</li> <li>Para quen realizara a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a superara na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco durante un máximo de dous anos nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Na certificación constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen.</li> <li>No caso de superación da proba, a devandita certificación incluíra a relación de familias profesionais nas que se posibilitará o acceso a ciclos formativos de grao superior en función da opción elixida, nas condicións de admisión que se establezan.</li> <li>Para quen realizara a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a superara na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco durante un máximo de dous anos nas probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia.</li> </ul>

Vixencia da certificación de superación anterior ao 2009 das probas de acceso
<ul style="list-style-type: none"> <li>A certificación de ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio consonte o establecido na Orde do 1 de abril de 2002, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, terá os mesmos efectos que a certificación da superación da totalidade da proba de acceso que se indica no apartado anterior regulado a través da Orde de 2 de decembro de 2008.</li> <li>A certificación de ter superada a proba de acceso a un determinado ciclo formativo de grao superior consonte a Orde do 1 de abril de 2002 manterá a súa vixencia ata a extinción do título correspondente establecido pola Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo.</li> <li>Logo de extinguido o título anterior, a devandita certificación ha permitir o acceso aos ciclos formativos declarados equivalentes para os efectos académicos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo se establece nos reais decretos dos títulos correspondentes.</li> </ul>

Vixencia das resolucións de exencións anteriores ao 2009 da parte específica da proba de acceso de grao superior
<ul style="list-style-type: none"> <li>Quen dispoña de resolución positiva de exención da parte específica da proba de grao superior ao abeiro da Orde do 1 de abril do 2002, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, modificada pola do 30 de xaneiro de 2007, poderaa presentar en futuras convocatorias, mantendo a súa validez sempre que a opción elixida A, B ou C inclúa o ciclo para o que se concedera a devandita exención.</li> </ul>

## 1.5 Resolución administrativa

### 1.5.1 Grao medio

As persoas que nas convocatorias de 2010, 2011 e 2012 superaran a parte sociolingüística, a parte matemática ou a parte científico-técnica na Comunidade Autónoma de Galicia e estean en condicións, logo de finalizado o proceso, de acreditar nas partes non superadas algunha das causas de exención previstas a continuación, poidan solicitar certificación de superación da proba.

Exención (acreditando algunha das seguintes circunstancias)		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Superación do ámbito comunicación.</li> <li>– Superación do ámbito social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exención da parte sociolingüística.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Nivel II de educación secundaria para as persoas adultas (ESA).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Superación do ámbito científico-tecnolóxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exención da parte matemática.</li> <li>Exención da parte científico-técnica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Superación dos módulos obrigatorios do primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).</li> <li>Superación dos módulos obrigatorios (específicos profesionais, con ou sen formación en centros de traballo e os formativos de carácter xeral) do primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial (ao abeiro da Orde do 13 de xullo de 2011).</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Exención da parte científico-técnica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Dispor dun certificado de profesionalidade de calquera nivel, consonte o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Acreditación como mínimo dun ano de experiencia laboral en xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballase.</li> </ul>		

### Lugar de presentación da solicitude

En calquera dos institutos de educación secundaria ou centros integrados de formación profesional onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

### Prazo

Desde o día 21 de xuño ata o día 28 de setembro de 2012.

### Centros de emisión de certificados

A emisión de certificados realizarase nos centros designados como lugares de realización das probas ou nos centros designados para emitir certificados na convocatoria ordinaria de 2012.

## 1.5.2 Grao superior

### Solicitantes

As persoas que nas convocatorias de 2010, 2011 e 2012 superaran a parte común ou a específica na Comunidade Autónoma de Galicia e estean en condicións, logo de finalizado o proceso, de acreditar na outra parte algunha das causas de exención previstas a continuación, poderán solicitar certificación de superación da proba.

Exención (acreditando algunha das seguintes circunstancias)	
<ul style="list-style-type: none"><li>Ter superada a proba de acceso a outros ciclos formativos de grao superior de réxime xeral non incluídos na opción pola que se presenta, consonte a táboa anexa ao final do documento</li><li>Ter superada unha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Exención da parte común.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>Ter superado un ciclo formativo de grao medio que pertenza a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte a táboa anexa ao final do documento.</li><li>Dispor dun certificado de profesionalidade de nivel 2 ou superior dalgunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte a táboa anexa ao final do documento.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Exención da parte específica.</li></ul>

### Lugar de presentación da solicitude

En calquera dos institutos de educación secundaria ou centros integrados de formación profesional onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

### Prazo

Desde o día 15 de maio ata o día 28 de setembro de 2012.

### Centros de emisión de certificados

A emisión de certificados realizarase nos centros designados como lugares de realización das probas ou nos centros designados para emitir certificados na convocatoria ordinaria de 2012.

## 2. Anexo

Organización en opcións da parte específica da proba a ciclos formativos de grao superior, en función da familia profesional a que se desexe acceder

Opcións segundo familias profesionais derivadas da LOXSE	Opcións segundo familias profesionais derivadas da LOE	Materias de referencia do bacharelato
<b>Opción A</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Administración.</li> <li>▪ Comercio e márketing.</li> <li>▪ Hostalaría e turismo.</li> <li>▪ Servizos socioculturais e á comunidade.</li> <li>▪ Comunicación, imaxe e son (só o ciclo de produción de audiovisuais, radio e espectáculos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Administración e xestión.</li> <li>▪ Comercio e márketing.</li> <li>▪ Hostalaría e turismo.</li> <li>▪ Servizos socioculturais e á comunidade.</li> <li>▪ Imaxe e son (só o ciclo de produción de audiovisuais, radio e espectáculos).</li> </ul>	<b>Materias da opción A</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Economía da empresa.</li> <li>▪ Lingua estranxeira (francés ou inglés)</li> <li>▪ Filosofía e cidadanía.</li> </ul>
<b>Opción B</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actividades marítimo-pesqueiras (agás o ciclo de produción acuícola).</li> <li>▪ Artes gráficas.</li> <li>▪ Edificación e obra civil.</li> <li>▪ Electricidade e electrónica.</li> <li>▪ Comunicación, imaxe e son (agás o ciclo de produción de audiovisuais, radio e espectáculos).</li> <li>▪ Fabricación mecánica.</li> <li>▪ Madeira e moble.</li> <li>▪ Informática.</li> <li>▪ Mantemento e servizos á produción.</li> <li>▪ Mantemento de vehículos autopropulsados.</li> <li>▪ Têxtil, confección e pel (agás o ciclo de curtidos, e o de procesos de ennobrecemento têxtil).</li> <li>▪ Vidro e cerámica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Artes gráficas.</li> <li>▪ Edificación e obra civil.</li> <li>▪ Electricidade e electrónica</li> <li>▪ Imaxe e son (agás o ciclo de produción de audiovisuais, radio e espectáculos).</li> <li>▪ Enerxía e auga.</li> <li>▪ Fabricación mecánica.</li> <li>▪ Informática e comunicacións.</li> <li>▪ Instalación e mantemento.</li> <li>▪ Madeira, moble e cortiza.</li> <li>▪ Marítimo-pesqueira (agás o ciclo de produción acuícola).</li> <li>▪ Transporte e mantemento de vehículos.</li> <li>▪ Têxtil, confección e pel (agás o ciclo de curtidos, e o de procesos de ennobrecemento têxtil).</li> <li>▪ Industrias extractivas.</li> <li>▪ Vidro e cerámica.</li> </ul>	<b>Materias da opción B</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Debuxo técnico.</li> <li>▪ Tecnoloxía Industrial.</li> <li>▪ Física.</li> </ul>
<b>Opción C</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actividades agrarias.</li> <li>▪ Actividades físicas e deportivas.</li> <li>▪ Imaxe persoal.</li> <li>▪ Industrias alimentarias.</li> <li>▪ Actividades marítimo-pesqueiras (só o ciclo de produción acuícola).</li> <li>▪ Química.</li> <li>▪ Têxtil, confección e pel (só o ciclo de curtidos, e o de procesos de ennobrecemento têxtil).</li> <li>▪ Sanidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Agraria.</li> <li>▪ Actividades físicas e deportivas.</li> <li>▪ Imaxe persoal.</li> <li>▪ Industrias alimentarias.</li> <li>▪ Marítimo-pesqueira (só o ciclo de produción acuícola)</li> <li>▪ Química.</li> <li>▪ Seguridade e medio ambiente.</li> <li>▪ Têxtil, confección e pel (só o ciclo de curtidos, e o de procesos de ennobrecemento têxtil).</li> <li>▪ Sanidade.</li> </ul>	<b>Materias da opción C</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciencias da terra e ambientais.</li> <li>▪ Química.</li> <li>▪ Bioloxía.</li> </ul>



